



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 14 DE XUÑO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do venres día **CATORCE DE XUÑO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e o concelleiro, **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e do Secretario da Corporación **FRANCISCO JAVIER OUBIÑA LODEIRO**, que suscribe e da fe.

Excusa súa asistencia: **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ**
D^a DOLORES GARCÍA TROITIÑO

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1^o.- **MEMORIAS VALORADAS.**
- 2^o.- **PROGRAMA DIURNO DE CARÁCTER LÚDICO DO BALNEARIO DE CUNTIS, ANO 2013.**
- 3^o.- **LICENZAS E CAMBIOS DE TITULARIDADE.**
- 4^o.- **OBRADOIRO DE EMPREGO PARA A RECUPERACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS EN SILLEDA.**
- 5^o.- **CREACIÓN DUN FONDO SOCIAL PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA OS DEBEDORES TRIBUTARIOS EN CONCEPTO DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DE BENS DE NATUREZA URBANA.**
- 6^o.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS CON AVOCACIÓN.**

1^o.- **MEMORIAS VALORADAS:**

1.1.- **Acceso peonil a Igrexa de Cortegada**

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 13 de maio de 2013 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión

compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14 de xuño de 2013, sobor solicitude de subvención para o seu desenvolvemento que se transcribe:

“Vista a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 13 de maio de 2013 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vistas a memoria que xustifica as necesidades da actuación así como o proxecto técnico para desenvólvela, a saber:

- *Subvención en réxime de concorrencia competitiva: "Acceso peonil a Igrexa de Cortegada", segundo proxecto redactado polo arquitecto municipal Lino Doporto Framil, cun orzamento total de: 39.839,64 €.*

Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo:

- *Aprobar a memoria e o proxecto referidos*
- *Solicitar subvención para o seu desenvolvemento, ao abeiro da Orde referida, no relativo á Liña en réxime de concorrencia competitiva, por importe de 31.871,71 €, é decir, o 80% do total do orzamento”*

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta da Alcaldesa transcrita e polo dito

-Aprobar a memoria e o proxecto referidos

- Solicitar subvención para o seu desenvolvemento, ao abeiro da Orde referida, no relativo á Liña en réxime de concorrencia competitiva, por importe de 31.871,71 €, é decir, o 80% do total do orzamento

1.2.- Centro de interpretación da natureza en Escuadro

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 13 de maio de 2013 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da

liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14 de xuño de 2013, sobor solicitude de subvención para o seu desenvolvemento que se transcribe:

“Vista a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 13 de maio de 2013 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vistas a memoria que xustifica as necesidades da actuación así como o proxecto técnico para desenvolvela, , a saber:

- *Subvención en réxime de concorrencia non competitiva: "Centro de interpretación da natureza en Escuadro", segundo proxecto redactado polo arquitecto municipal Lino Doporto Framil, cun orzamento total de: 46.886,16 €*

Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo:

- *Aprobar a memoria e o proxecto referidos*
- *Solicitar subvención para o seu desenvolvemento, ao abeiro da Orde referida, no relativo á Liña en réxime de concorrencia non competitiva, pola cantidade de 36.375,74 €."*

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta da Alcaldesa transcrita e polo dito

- *Aprobar a memoria e o proxecto referidos*
- *Solicitar subvención para o seu desenvolvemento, ao abeiro da Orde referida, no relativo á Liña en réxime de concorrencia non competitiva, pola cantidade de 36.375,74 €.*

2º.- PROGRAMA DIURNO DE CARÁCTER LÚDICO DO BALNEARIO DE CUNTIS, ANO 2013.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de

xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto o informe proposta da Traballadora Social do Concello de Silleda, M^a Celia González Peteiro, de data 06 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local **acorda** :

A Adhesión do Concello á Deputación Provincial de Pontevedra, para participar no Programa Diurno de carácter lúdico do Balneario de Cuntis, Ano 2013.

O programa será cofinanciado por:

- Deputación de Pontevedra: 35 €/persoa.
- Concello: 10 €/persoa.
- Usuarios: O usuario aboará a cantidade restante, resultado do prezo final da adjudicación e a achega das dúas administracións (a Deputación de Pontevedra e o Concello).

O programa realízase coa finalidade de contribuir ao benestar e mellorar a calidade de vida dos nosos maiores.

Beneficiarios: Persoas nadas antes do ano 1963, pensionistas ou con necesidades de respiro familiar.

Financiación: 40 prazas, cun importe de 400 € a pagar polo noso Concello.

3º.- LICENZAS E CAMBIOS DE TITULARIDADE.

3.1.- Cambio de promotor do expediente de solicitude de licenza de "Rehabilitación de Anexo para Albergue turístico de 1 estrela y cafetería de 1 taza" en Lugar de Igrexas nº 8, na parroquia de Dornelas.

Visto o escrito presentado por Don Andrea Grugnetti con N.IE. X-9494047-S, polo que solicita un cambio de promotor pasando de Don Andrea Grugnetti a Leiras 1866 S.C., con CIF J-94082955.

Considerando que o artigo 31.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común establece que cando a condición de interesado derivase dalgunha situación xurídica transmisile, o dereito-habente sucederá en tal condición calquera que sexa o estado do procedemento.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade **acorda** o seguinte:

- Primeiro.- Conceder o cambio de promotor do expediente de solicitude de licenza de "Rehabilitación de Anexo para Albergue turístico de 1 estrela y cafetería de 1 taza" en Lugar de Iglesias nº 8, na parroquia de Dornelas, pasando a ser Leiras 1866 S.C., en troques de Don Andrea Grugnetti.
- Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no procedemento.
- Terceiro.- Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

3.2.- Cambio de titularidade da licenza de apertura de Divina Yánez Couso a BAR MARIL S.C.

Visto o escrito presentado por Don Carlos Maril Yánez, actuando en representación de BAR MARIL S.C., con enderezo a efectos de notificación na Calle Venezuela nº 59, 2º D baixo - Silleda, polo que solicita o cambio de titularidade da licenza da actividade de café bar que viña a nome de Divina Yánez Couso e que se desenvolvía no local sito en Calle Venezuela nº 38 baixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para Café-Bar concedida por acordo de 16 de xaneiro de 1995, do local sito na Rúa Venezuela nº 38 - baixo, pasando a ser o novo titular da licenza de apertura BAR MARIL S.C. con CIF J-94082856, en troques de Divina Yánez Couso

Segundo.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por cambio de titularidade de licenza de apertura (Artigos 1.2.h, e 4 da Ordenanza Reguladora da Taxa pola Realización de Actividades Administrativas de Inspección, Control e Verificación de Actividades en Réxime de Declaración

Responsable) por importe de 75,00 euros.

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros.

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

Cuarto.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANESTO é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Quinto.- Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

3.3.- Licenza de apertura a PARQUE 7, S.L., por ampliación de actividade

Expediente: licenza de apertura nº 3523/11 ACT

Visto o expediente nº 3523/11 ACT, tramitado a instancia de Don Jesús Pérez Carames DNI 76.802.195-C, actuando en representación de PARQUE 7, S.L., CIF B-36.163.772, con enderezo a efectos de notificación en Carretera General, Barrio do Campo nº 7, polo que solicita licenza de apertura do local sito no baixo do nº 7, Barrio do Campo nº 7, para destinalo á actividade de "Xestoría Administrativa e Centro de Formación".

Resultando que no expediente figuran informes favorables técnico e xurídico.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades conferidas pola Lei reguladora das bases de réxime local, do 2 de abril de 1985, e Texto Refundido das disposicións legais en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; por delegación do Sr. Alcalde, outorgada por Decreto de data de 4 de xullo de 201, por unanimidade, acorda conceder a LICENZA DEFINITIVA que se solicita de acordo co previsto nos artigos 9 e 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e cos seguintes condicionamentos:

-A licenza municipal só autoriza para o exercicio da actividade de Xestoría Administrativa e Centro de Formación.

-O titular da licenza deberá observar no exercicio da actividade autorizada todas as disposicións de carácter xeral que resulten de aplicación, incluídas as ordenanzas municipais.

-O incumprimento de calquera das condicións establecidas, producirá a revogación da licenza sen prexuízo das medidas sancionadoras que proceda adoptar.

Segundo.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por ampliación de actividade da licenza de apertura (Artigos 1, e 4 da Ordenanza Reguladora da Tax pola Realización de Actividades Administrativas de Inspección, Control e Verificación de Actividades en Réxime de Declaración Responsable) por importe de 300,00 euros.

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros.

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

Cuarto.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

c) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

d) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANESTO é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Quinto.- Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

Sexto.- Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que

poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

3.4.- Rectificación de erro de feito

Visto o escrito presentado por Don Eladio García Gulias, DNI 76780467-G, polo que solicita rectificación do acordo adoptado pola Comisión Municipal Permanente en sesión celebrada o 4 de decembro de 1980 ao existir un erro no DNI.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda o seguinte:

Estimala solicitude de Don Eladio García Gulias, e proceder de conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e coa xurisprudencia do Tribunal Supremo alegada no informe do secretario xeral do Concello de 12 de xuño, a rectificar o erro de feito detectado no acordo adoptado pola Comisión Municipal Permanente en sesión celebrada o 4 de decembro de 1980, concretamente no apartado B) do reverso, no que figura como DNI do petionario 76.780.464, debendo figurar 76.780.467.

4º.- OBRADOIRO DE EMPREGO PARA A RECUPERACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS EN SILLEDA.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 8 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández, de data 12 de xuño de 2013, sobor solicitude de subvención para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013, que se transcribe:

"Vista a Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 8 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

Visto as o proxecto redactado polos servizos técnicos municipais, denominado "OBRADOIRO DE EMPREGO PARA A RECUPERACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS EN SILLEDA", cun orzamento total de 265.357,80 €.

Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo:

-Aprobar o proxecto referido.

- Solicitar subvención para o seu desenvolvemento (polo orzamento total), ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 8 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013."

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos transcrita e polo dito

-Aprobar o proxecto referido.

- Solicitar subvención para o seu desenvolvemento (polo orzamento total), ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 8 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

5º.- CREACIÓN DUN FONDO SOCIAL PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA OS DEBEDORES TRIBUTARIOS EN CONCEPTO DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DE BENS DE NATUREZA URBANA.

Dase lectura á proposta da Alcaldía que é a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

I.- Actualmente estase a producir unha incusta situación que están a padecer aqueles cidadáns que continúan a pagar hipotecas sobre as vivendas das que foron obxecto de desafuzamento, por ilo e como mostra da preocupación por parte do grupo de goberno e como administración máis próxima ao cidadán faise necesario intervir, mediante a creación dun fondo social que palie estas situacións de emerxencia social municipal, baixo as seguintes condicións:

Primeiro.- As persoas que foran obxecto dunha resolución xudicial de lanzamento

da súa vivenda habitual no Concello de Silleda que como consecuencia de procesos xudiciais ou extraxudiciais de execución hipotecaria e que continúen sendo debedores polo mesmo concepto poderán solicitar unha axuda, con cargo á aplicación orzamentaria 230/48 "Transferencias correntes a familias e institucións sen fin de lucro", que non terá carácter de subvención de conformidade co disposto no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, para destinala ao pago do imposto sobre o incremento do valor de bens de natureza urbana debendo cumprir os seguintes requisitos:

- A) Estar empadroadado no Concello de Silleda*
- B) Que o inmovible radique no termo municipal de Silleda.*
- C) Que a unidade familiar, entendida esta a composta polo debedor, o seu cóncuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita e os fillos con independencia da súa idade que residan na vivenda, non posúa outros bens inmoebles adicados a vivenda.*

Para a acreditación destes extremos o solicitante deberá aportar certificado de empadronamento histórico na data en que se produxo o desafuzamento, certificado actual de estar inscrito no padrón municipal e certificación catastral dos bens. Asimesmo e co obxecto de dar cumprimento á simplificación administrativa os solicitantes poderán previa cumprimentación do anexo I autorizar ao concello para a obtención dos certificados de empadronamento e catastrais.

- D) Que a débeda non se extingue pola dación en pago da vivenda.*

Deberá presentar o documento notarial ou xudicial correspondente á transmisión da vivenda.

- E) Que a liquidación tributaria se produxese con posterioridade ao 20 de setembro de 2012.*

Segundo.- Solicitud:

Farase de conformidade co disposto no anexo I e adxuntarase ademáis da documentación establecida no apartado primeiro copia da liquidación do imposto sobre o incremento do valor de bens de natureza urbana ou o xustificante de pago de conformidade co disposto no artigo 41 do RD 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Terceiro.- Procedemento:

Coa presentación da solicitud o Concello aprobará a concesión da axuda e procederá ao seu abono previa presentación do xustificante de pago. No caso de que así se solicítase e co obxecto de que non escomence o período executivo o

Concello poderá abonar o importe da subvención directamente ao ORAL en concepto da liquidación do imposto de conformidade co disposto no artigo 33 do RD 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación (pago por terceiro) debendo neste caso adxuntar a liquidación.

Cuarto.- Duración máxima do procedemento, efectos do silencio, órgano competente para a súa resolución e data límite para a presentación das solicitudes:

O prazo máximo en que debe notificarse a resolución da axuda será de 3 meses, vencido este prazo entenderase desestimada a solicitude. O órgano competente para a resolución será a Xunta de Goberno Local. A data límite en que pode presentarse a solicitude fíxase no 30 de novembro de 2013."

ANEXO I

Don/a....., con DNI e enderezo a efectos de notificación na rúa, nº....., C.P....., parroquia de, por medio da presente SOLICITO unha axuda por importe de euros, equivalente á liquidación practicada polo ORAL en concepto do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, para o cal adxunto a seguinte documentación:

Sinalar cun x a documentación aportada:

<input type="checkbox"/>	<i>Certificado de empadronamento histórico (1)</i>
<input type="checkbox"/>	<i>Certificado de empadronamento colectivo actual (1)</i>
<input type="checkbox"/>	<i>Certificación catastral do ben (1)</i>
<input type="checkbox"/>	<i>Documento notarial ou xudicial correspondente á transmisión da vivenda</i>
<input type="checkbox"/>	<i>Xustificante de pago</i>
<input type="checkbox"/>	<i>Documento da liquidación para o pago por terceiro (2)</i>

En Silleda a de de 2013.

O Interesado

Asdo:.....

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA



(1) *No caso de que se autorice ao concello para a obtención dos certificados de empadronamento e catastrais.*

Autorizo ao Concello para a obtención dos seguintes certificados

	<i>Certificado de empradonamento histórico</i>
	<i>Certificado de empadronamento colectivo actual</i>
	<i>Certificación catastral do ben</i>

En Silleda a de de 2013.

O Interesado

Asdo:

(2) *No caso de que se solicite ao concello o pago por terceiro*

Autorizo a que a axuda se ingrese directamente no ORAL como pago por terceiro do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana

En Silleda a de de 2013.

O Interesado

Asdo:

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda prestarlle aprobación á proposta da Alcaldía e discrepar do reparo suspensivo da intervención municipal, dándoselle traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de resolver a discrepancia en base ao previsto no art. 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**6º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
DICTADAS CON AVOCACIÓN.**

Pola Sra. Alcaldesa dase conta do Decreto da Alcaldía, de data 07 de xuño de 2013 que transcribese a continuación:

“DECRETO

DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da lei 7/1985 de 2 de Abril.

Reguladora das bases do Réxime local,

Visto a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 26 de abril de 2013 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2013.

RESOLVE:

1º.- Avoca-la competencia, previamente delegada na Xunta de Goberno local, por Decreto de data 4 de Xullo de 2011 para o caso específico que nos ocupa, de conformidade co artigo 14 da lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, a causa da inconveniencia de demorala a súa aprobación ata unha próxima sesión da Xunta de Goberno local.

2º.- Solicitar a subvención ao abeiro da referida Orde.

3º.- Que a finalidade da mesma é o desenvolvemento dun programa dirixido á redución do abandono escolar en Silleda.

4º.- Que o orzamento total do programa é de 17.870 €.

5º.- Que a relación de actividades que compoñen o programa e dos seus custos, para o que se solicita subvención é a que se relaciona:

<i>TITULO DA ACTIVIDADE</i>	<i>CUSTO DA ACTIVIDADE</i>
<i>REFORZO EDUCATIVO</i>	<i>6.620</i>
<i>DESUBRIMOS E TRABALLAMOS OS NOSOS TALENTOS</i>	<i>1.800</i>
<i>TALLERES MOTIVACIONAIS DE ALTO IMPACTO</i>	<i>1.800</i>
<i>SPEED READING E O PODER DA LINGUAXE</i>	<i>1.050</i>
<i>MIND MAPPING E ENEAGRAMAS</i>	<i>1.050</i>
<i>MÉTODO P.A.R</i>	<i>1.580</i>
<i>TÉCNICAS DE RELAXACIÓN E CONTROL DO ESTRÉS</i>	<i>960</i>
<i>PREPARACIÓN DE PROBAS LIBRES DE GRADUADO EN ESO E ACCESO A CICLOS DE F.P.</i>	<i>3.010</i>
<i>TOTAL</i>	<i>17.870</i>

6º.- Dar traslado da presente resolución á Intervención, Xunta de Goberno Local e

ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifico.

Silleda, a 14 de xuño de 2013.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena



Asdo. Francisco J. Oubiña Lodeiro

